

CONCELLO
DE VIGO



VIGO

EN 90 SEGUNDOS



CONCURSO ONLINE
DE CURTAMETRAXES

Vigo, cidade en movemento

#Vigoen90segundos
#Vigociudadenmovimiento

Concurso online de microcurtametraxes "Vigo en 90 segundos"

3ª Edición: "Vigo, cidade en movemento"

BASES DE PARTICIPACIÓN

- 1- O Concurso Online de Microcurtametraxes "Vigo en 90 segundos" está dirixido a realizadores ou afeccionados de todas as idades, residentes ou non en Vigo. **Nota importante: os menores de idade son benvidos a participar sempre que os traballos sexan presentados por un titor.**
- 2- A participación no concurso é gratuíta e libre.
- 3- As persoas interesadas poderán presentar unha ou máis obras a concurso.
- 4- Os traballos poden ser rodados **con calquera dispositivo smartphone, cámaras domésticas ou profesionais** e está permitida a edición ou tratamento posterior de imaxes cos programas que os participantes consideren oportunos.
- 5- A temática desta edición é **"Vigo, cidade en movemento"**, un enfoque moi amplo e cheo de posibilidades para mostrar a enerxía cotiá da cidade, desde a actividade do Porto ata as rúas, os mercados, a música, as ramplas mecánicas, o fútbol, a paisaxe cambiante do outono... Os vídeos poden ser **ficción ou en clave documental**.
- 6- As microcurtas poderán ser rodadas en castelán ou en galego (ou poden ser sen voz). Se están en calquera outro idioma deberán ir subtituladas en lingua española ou galega.
- 7- A duración máxima dos vídeos ten que ser de **90 segundos**, incluídos os créditos se os teñen.
- 8- **Inscripción:** para participar hai que cumprimentar o formulario cos datos do participante -ou representante se é unha obra colectiva- que atoparedes na páxina web da Vigo Film Office (www.vigofilmoffice.com). Neste formulario poderedes subir o vídeo en **formato 3GP, 3GPP, MP4, FLV, MKV, MOV ou AVI ou ben a ligazón da plataforma onde estea previamente subido (Vimeo, Facebook, Youtube etc.)**. Se non se fai chegar esta información, dita obra quedará automaticamente fóra de concurso e non se publicará na nosa web para o seu visionado público.
- 9- Todas as persoas ou espazos privados que aparezan nas microcurtas expresarán o seu consentimento aos participantes. En ningún momento se aceptarán traballos que atenten contra a honra dun colectivo, inclúan material discriminatorio ou vulneren os dereitos ou a dignidade das persoas. A Vigo Film Office resérvase o dereito de deixar fóra da convocatoria calquera obra que atente contra terceiros.
- 10- Os autores son os responsables do uso legal de materiais de terceiros na creación das obras presentadas (música ou calquera outro recurso).

11- **Datas de inicio e finalización.** O período de presentación das obras será **dende o 20 de outubro ao 20 de novembro**. A Vigo Film Office resérvase o dereito a non subir á plataforma aquelas pezas que non cumpran cos requisitos ou que non reúnan uns estándares mínimos de calidade.

12- **Votacións: do 24 ao 30 de novembro** (ambos incluídos) poderase votar entre os vídeos que o xurado da Vigo Film Office preseleccione. Desta votación sairá o Premio do Público.

13- **Premios.** Un xurado profesional convocado pola organización do concurso visualizará as obras finalistas e outorgará os seguintes premios:

- Premio á Mellor microcurta (500 euros en tarxeta regalo)
 - Accésit á Mellor microcurta (200 euros en tarxeta regalo)
 - Premio á Mellor microcurta dunha escola de audiovisuais (450 euros en tarxeta regalo).
 - Accésit á Mellor microcurta dunha escola de audiovisuais (200 euros en tarxeta regalo)
 - Premio á microcurta máis orixinal (400 euros en tarxeta regalo)
 - Premio do Público á microcurta máis votada na nosa canle de Instagram (300 euros en tarxeta regalo)
 - Premio á Mellor microcurta realizado por unha persoa menor de idade (300 euros en tarxeta regalo).
 - Accésit á Mellor microcurta realizada por unha persoa menor (150 euros en tarxeta regalo)
- O xurado terá potestade para a interpretación destas bases así como para declarar deserto algún premio se a calidade dos traballos presentados non se considerase suficiente.

14- Finalizado o proceso de selección, o **10 de decembro** publicaranse os gañadores na páxina web da Vigo Film Office e en medios sociais e comunicaranse tamén o resultado aos gañadores por correo electrónico. A entrega dos premios realizarase nun acto público nunha data que se anunciará con suficiente antelación.

15- Os autores, tanto premiados como non, **cederán ao Concello de Vigo os dereitos de explotación das obras**, consistentes na reprodución, distribución e comunicación pública, que se farán sempre co recoñecemento da súa condición de autor excepto manifestación en contra.

16- **Protección de datos persoais.** A Vigo Film Office, na súa condición de responsable do tratamento, informa que os datos solicitados para o rexistro das persoas participantes serán tratados conforme á lexislación en materia de protección de datos, e particularmente conforme ao disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD). As persoas participantes poderán en calquera momento exercer os seus dereitos de acceso aos datos, rectificación ou supresión, limitación do seu tratamento, oposición ao acceso; así como a portabilidade dos seus datos, dirixíndose á dirección de correo electrónico protecciondedatos@vigocb.org, especificando "Protección Datos" e achegando fotocopia do seu DNI.